



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 26 de maio de 2016, adoptouse co quorum de maioría absoluta o acordo seguinte:

"Punto 2.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual nº 3 do PXMO de modificación da rede viaria no planeamento subsistente no PERI de Rialta (Rúa Santo Domingo)

"Visto informe emitido pola Coordinadora de servizos urbanísticos en data 06.05.2016, propónse ao Concello Pleno que adopte acordo co seguinte contido:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PXOM, MODIFICACION DA REDE VIARIA NO PLANEAMENTO SUBSISTENTE PERI DE RIALTA (Rúa Santo Domingo), doc. nº 5802 de 28.04.2016.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a aprobación definitiva da MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 do PXOM, MODIFICACION DA REDE VIARIA NO PLANEAMENTO SUBSISTENTE PERI DE RIALTA (Rúa Santo Domingo), doc. nº 5802 de 28.04.2016.

Terceiro.- Dilixenciar o documento e remitir copia do expediente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de maio de 2016.-

Vº e Praxe

O alcalde,

Angel García Seoane

